

ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO E URGENTE

20 DE MARZO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **trece horas e cuarenta e cinco minutos do mércores 20 de marzo de 2024** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D Luis Antonio Pérez Barral o 20-03-2024*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación (baixo a modalidade de “presencial” ao abeiro do previsto no artigo 46.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar **pleno extraordinario e urgente**.

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro (<i>excusa a súa ausencia</i>)
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Eladio Muñiz Muñiz
10.-Rubén Lijó Santos
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro (<i>excusa a súa ausencia</i>)
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer



A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto

Asiste igualmente o **Sr. Interventor. D. Pablo Bao Castro**.

Acto seguido ábrese a sesión polo Sr. alcalde-presidente e tratáronse os seguintes asuntos engadidos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN URXENCIA DA SESIÓN.

Aberta polo **Sr. alcalde-presidente** a Sesión e en cumprimento do disposto nos artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 77 a 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procédese a consultar ó Pleno da Corporación sobre o seu pronunciamento en relación coa ratificación da urxencia da Sesión, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 19 (5BNG, 4 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 9 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus dezanove membros presentes dos vinteun membros que de dereito o integran ratificar a urxencia da Sesión.

2.- CONDENA DO CRIME MACHISTA PERPETRADO NO DÍA DE ONTE, 19 DE MARZO DE 2024, CONTRA UNHA VECIÑA DE PALMEIRA E DECLARACIÓN DE DOUS DÍAS DE LOITO OFICIAL NA CIDADE DE RIBEIRA

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha **DECLARACION INSTITUCIONAL** do seguinte tenor literal:

“A Corporación Municipal de Ribeira diríxese á cidadanía con profundo pesar e consternación para denunciar enerxicamente o recente caso de asasinato machista que tivo lugar onte no noso municipio.

Expresamos o noso máis sentido pésame á familia e amizades da vítima, así como a nosa solidariedade e apoio incondicional nestes momentos tan difíciles. Unímonos ao clamor xeneralizado de repudio cara a calquera forma de violencia de xénero e reiteramos o noso compromiso firme na loita contra esta secuela social que segue cobrándose vidas e xerando un profundo sufrimento.



É fundamental lembrar que a violencia machista é unha violación dos dereitos humanos, unha manifestación da desigualdade e unha grave problemática que require da acción conxunta de toda a sociedade para a súa erradicación.

Desde o Concello de Ribeira, reafirmamos o noso compromiso coa promoción da igualdade e a protección dos dereitos das mulleres, así como coa implementación de medidas efectivas para previr e combater a violencia machista en todas as súas formas. Exhortamos a toda a comunidade a sumarse a esta causa e a traballar de maneira conxunta para construír unha sociedade máis xusta, igualitaria e libre de violencia de xénero.

Non podemos permitir que máis vidas se perdan por mor da violencia machista. En memoria da vítima e en solidariedade con todas as mulleres que sufriron ou sofren violencia de xénero, renovamos o noso compromiso e a nosa loita incansable ata lograr un mundo onde todas as persoas poidan vivir libres e seguras”.

Xunto á devandita Declaración Institucional propónse **declarar dous días de loito oficial** e todo o Municipio así como **convocar á cidadanía, hoxe, mercores día 20 de marzo de 2024, ás 20.00 h a unha concentración de repulsa** no Malecón de Ribeira ó caron da Capitanía Marítima.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria a mesma, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 19 (5BNG, 4 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 9 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus dezanove membros presentes dos vinteún que de dereito o integran aprobala proposta transcrita sobre **CONDENA DO CRIME MACHISTA PERPETRADO NO DÍA DE ONTE, 19 DE MARZO DE 2024, CONTRA UNHA VECIÑA DE PALMEIRA E DECLARACIÓN DE DOUS DÍAS DE LOITO OFICIAL NA CIDADE DE RIBEIRA**, quedando convertida en acordo en todos os seus termos

Antes de rematar o Pleno gárdase un respectuoso e sentido **minuto de silencio** en recordo da vítima e solidariedade coa súa familia.



E sendo as **13 horas e 55 minutos** do día **20 de marzo de 2024**, sen máis asuntos que tratar, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Luis Antonio Pérez Barral

Juan Manuel Salguero del Valle

